



Luís Pérez Barral, concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (BNG) neste concello presenta a seguinte moción para o pleno municipal,

MOCIÓN SOBRE A TRANSPARENCIA MUNICIPAL

Casos de corrupción política, imputacións e condenas sen ningunha consecuencia, malversación e mala xestión dos fondos públicos, opacidade nas contratacións, desafección política, a política como problema para a sociedade, etc., son cuestións que preocupan á cidadanía actualmente.

No BNG levamos tempo traballando e esixindo medidas contundentes para evitarmos casos de corrupción política, clientelismos, etc. Cómpre tomarmos medidas reais e efectivas para que aqueles e aquelas cargos públicos que se vexan afectados por condutas impropias ou imputados pola xustiza, abandonen os mesmos. Non pretendemos outra cousa que velar pola dignidade, a transparencia e a boa imaxe que calquera cargo público ou institución pública debe ter.

A transparencia comeza con dispoñer no Concello dunha páxina web institucional accesíbel onde se publiquen todos os procesos de selección de persoal, a contratación pública, as axudas e subvencións, así como as remuneracións dos cargos públicos.

Ademais débense publicar os acordos relevantes adoptados polos órganos das corporacións locais dun xeito áxil na web institucional. E publicitar as actas das sesións de pleno e xunta de goberno local –excluíndo os datos persoais dos expedientes-.

E no relativo ao aspecto económico deben publicitarse todos os convenios e os contratos, incluídos os menores, indicando o importe da adxudicación, a persoa ou empresa adxudicataria e o órgano que propón o contrato.

Finalmente, arbitrar mecanismos para a participación directa de veciños e veciñas nas sesións plenarias, a través do regulamento de participación cidadá, para poder presentar e defender iniciativas veciñais propias. Pondo en práctica os orzamentos participativos que permitan que o investimento dunha parte do orzamento sexa decidido polos veciños e veciñas.

Por iso, o grupo municipal do BNG propónlle ao Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

- 1. Publicación a través da páxina web das retribucións da corporación municipal, separando a dos membros do goberno dos restantes membros da Corporación e especificando a asignación a grupos municipais.**
- 2. Publicitar na páxina web os acordos relevantes adoptados polos órganos da corporación, publicitando as actas das sesións de pleno e xunta de goberno local –excluíndo os datos persoais dos expedientes-. As obras e a súa información relevante (custe, data comezo e previsión da data de remate, empresa que a realiza, dirección de obra, etc). Orzamentos municipais especificando o de cada Concellaría. Publicación dos convenios, procesos de selección de persoal e os contratos, incluídos os menores, indicando o importe da adxudicación, a persoa ou empresa adxudicataria e**

o órgano que propón o contrato. Así como as subvencións e axudas asignadas a persoas físicas e xurídicas –omitindo os datos de carácter persoal-.

3. Creación dunha mediateca onde se poidan consultar os plenos mediante vídeo ou son.
4. Habilitar un apartado na páxina web para que os veciños e veciñas poidan facer suxestións e achegas, tanto ao goberno como aos diferentes partidos políticos que integran a corporación municipal.
5. Modificación do Regulamento Orgánico Municipal para a participación directa de veciños e veciñas nas sesións plenarias, e para poder presentar e defender iniciativas veciñais propias. Recollendo mecanismos para a posta en práctica dos orzamentos participativos que permitan que o investimento dunha parte do orzamento sexa decidido polos veciños e veciñas.

Concello de Ribeira, 12 de marzo do 2013

Asdo:

Luís Pérez Barral